

Texto e ilustracións: **QUENTIN BLAKE**

Tradución: **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 22x29 cm.

36 páxinas en color. Dispoñible en:

- Galego: "Os petos de Loreto"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-696-9
- Castelán: "Los bolsillos de Lola"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-16-4
- Portugués: "Os bolsos da Marta"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-33-9

Prezo: 15 €

OS PETOS DE LORETO

A señora Loreto ten un abrigo cheo de petos.

Un para o queixo,

outro para os ratos

e, por se alguén ten catarro...



Loreto ten unha chea de petos. Que gardará no seu interior? Un relato rimado, rebordante de colorido, sobre un divertido personaxe que atesoura os obxectos máis inimaxinables.

Sempre rodeada de nenos e nenas, de distintas idades e razas, a señora Loreto é a gran amiga que todos agardan ter porque ten recursos para todo: ocorrente, disparatada e extravagante. Calquera cousa pode resultar útil nas súas mans, por iso, como por arte de maxia, de todos os recunchos do seu abrigo saen xeados, bucinas ou sombreiros.

Un libro para estimular a imaxinación, coa espontaneidade que caracteriza o estilo do sempre xenial Quentin Blake.



QUENTIN BLAKE

(Sidcup, Kent, Inglaterra. 1932)

Comezou a debuxar moi novo. Estudou na Universidade de Londres e na Escola de Arte de Chelsea. Durante uns 20 anos adicouse a pintar e exerceu a docencia na Real Escola de Arte onde, entre 1978 e 1986, dirixiu o departamento de Ilustración.

A súa traxectoria artística destaca por ter colaborado con escritores como Russel Hoban, Joan Aiken, Michael Rosen, John Yeoman e, principalmente, Roald Dahl. Tamén ilustrou álbums clásicos e creou personaxes propios, como os coñecidos Señor Armitage e Mister Magnolia.

Entre os galardóns recibidos nos últimos anos destacan o Premio Whitebread, a Medalla Kate Greenaway e o Premio Internacional da Feira de Boloña. En 2002 recibiu o Premio Hans Christian Andersen de Ilustración, o recoñecemento ao máis alto nivel no eido da literatura infantil e xuvenil. En 2004 foi distinguido polo Goberno Francés como Cabaleiro das Artes e das Letras.

- **Temática:** texto rimado sobre un personaxe extravagante
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de "Un barco no ceo"
- **Aplicacións:** a utilidade dos obxectos, a imaxinación, orde e desorde, xogos e diversión, a curiosidade e a capacidade de sorpresa, a maxia